

PLANS DE ESTUDO CON MATERIAS DE XÉNERO: BUSCANDO A EXCELENCIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A igualdade de xénero, ademais de ser unha cuestión de xustiza e de dereitos, é fundamental para **producir a mellor investigación e ofrecer a mellor formación** posible no noso contexto, e atendendo ás necesidades sociais que se están a dar nos últimos anos.

Nun informe recente de Xarxa Vives, só o 13 % das vinte universidades do Estado español analizadas contaban con materias específicas de xénero, maioritariamente de carácter optativo.¹ Na Universidade de Vigo, no curso 2021/2022, **só existen seis materias específicas de xénero** en todos os graos, das que só unha é obrigatoria, e cinco materias nos mestrados, e só nos ámbitos de ciencias xurídicas e sociais e de artes e humanidades.

A incorporación de materias específicas e a transversalización da perspectiva de xénero nos plans de estudos de grao e de posgrao son dúas das fórmulas para avanzar cara a unha maior calidade, rigor e excelencia nas nosas universidades. Así o amosa que as cincuenta mellores universidades da Clasificación de Shanghai incorporen docencia e investigación específica nos estudos de xénero.

¹ Rodríguez-Jaume, M.^a José e Gil, Diana (2021): *La perspectiva de gènere en docència a les universitats de la Xarxa Vives. Situació actual i reptes futurs. Informe Política Universitaria*. Castellón: Xarxa Vives.

A igualdade entre mulleres e homes é un **principio de actuación** de todos os poderes públicos. Nesta mesma liña, existe un amplo corpus legislativo no ámbito do ensino superior, desde a comunidade internacional e Europa ata a propia Universidade de Vigo, que insta a introducir a perspectiva de xénero tanto en contidos específicos coma transversalmente.

- [Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación sobre a muller-CEDAW](#) (art. 10)
- [Espazo europeo de investigación](#)
- [Espazo europeo de educación superior](#)
- [Programa Horizonte Europa \(2021-2027\)](#)
- [Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade](#)
- [Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación](#)
- [Real decreto-lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da ciencia, a tecnoloxía, a innovación e a universidade](#)
- [Pacto de Estado contra a violencia de xénero 2017](#)
- [Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación](#) (preámbulo e disposición adicional 13)
- [Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación do ensino universitario oficial](#)
- [Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades](#) (liña na que vai continuar, de forma reforzada, a futura Lei orgánica do sistema universitario, segundo coñecemos polo borrador que se fixo público)
- [Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes](#) (art. 25)
- [Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero](#) (art. 4)

- [Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación \(Lei Ángeles Alvariño\)](#)
- [Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade \(art. 17, 18 e 20\)](#)
- [Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia](#)
- [Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma de Galicia](#)
- [Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo](#)

Como comunidade universitaria, debemos ser quen de actuar de forma coordinada e complementaria para desenvolver estes mandatos normativos que nos aproximan ao rigor e á excelencia académica.

Agora que se están a deseñar novos plans de estudo en diversas titulacións da nosa universidade, é un bo momento para abrir unha reflexión colectiva na comunidade universitaria sobre a «boa ciencia» e apostar pola excelencia docente a través dun coñecemento científico completo e de maior calidade.

As xeracións vindeiras deben formarse a través de plans de estudo equilibrados sen ausencias e invisibilidades sobre as achegas e os logros científicos femininos, e que incorporen o enfoque de xénero nas súas análises. Só así poderemos construír un saber científico e cultural completo e rigoroso.

Como sinala Londa Schiebinger, responsable do programa [Gendered Innovations](#), necesitamos unha «ciencia rigorosa, reproducible e responsable que nos permite fomentar o descubrimento científico, mellorar a eficiencia experimental e permitir a igualdade social».

Para promover a incorporación de materias específicas e a transversalización da perspectiva de xénero contamos con [recursos educativos](#) propios e [alleos](#), de alta calidade.

A **Unidade de Igualdade**, como servizo con competencias para asesorar sobre como integrar a perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria, ofrécelle o seu apoio a quen o precise, na orientación da implantación e da mellora das materias de xénero nos novos plans de estudo dos títulos que se imparten na Universidade de Vigo.